

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA COBERTURA DO POSTO DE CELADOR NO COLEXIO PÚBLICO ILLA VERDE, DURANTE AS VACACIÓNS DO TITULAR.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 5/2025, por un importe total de 2.377,64 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, para dar cobertura ás obrigas derivadas da cobertura do posto de celador no colexio público Illa Verde, durante as vacacións do titular.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 334/2025, do 13.03.2025 así como os RCMOD Ref.: 14287/2025 por importe de 2.377,64 euros.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación TC 5/2025 por importe de 2.377,64 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
32605.12003	2.377,64 €	32000.12005 32000.12100 32000.12101 32000.16000	891,66 € 352,80 € 556,66 € 576,52 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.377,64 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	2.377,64 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.